

ACTUALIZACIÓN DAS INSTRUCIÓNS DO MODELO 650 PARA FEITOS IMPOÑIBLES CON DEVINDICACIÓN A PARTIR DO 01.01.2020.

Consecuencia da Lei 7/2019, do 23 de decembro, de medidas fiscais e administrativas modifícanse o número 25b das instrucións do modelo 650- Autoliquidación do Imposto sobre Sucesións do seguinte xeito:

[25b] Redución en función do grupo consignado na nota (11).

Grupo I: Adquisicións por descendentes e adoptados menores de 21 anos, 1.000.000 de euros, máis 100.000 euros por cada ano menos de 21 que teña o habente causa, cun límite de 1.500.000 euros.

Grupo II: Adquisicións por descendentes e adoptados de 21 anos ou máis, cónxuxes, ascendentes e adoptantes, 1.000.000 de euros.

Grupo III: Adquisicións por colaterais de segundo grao por consanguinidade, 16.000 euros; resto de colaterais de segundo grao, colaterais de terceiro grao, e ascendentes e descendentes por afinidade, 8.000 euros.

Grupo IV: Adquisicións por colaterais de cuarto grao, graos máis distantes e estraños, non haberá lugar a redución.